

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN  
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO  
Orde do 18 de xuño de 2021(DOG do 1.07.2021)**

**AVALIACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS**

En cumprimento do disposto na base décima apartado segundo da Orde do 18 de xuño de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2021, rematado o prazo de cinco días hábiles para a realización de consultas e reclamacións sobre a listaxe provisional e resoltas estas, e polo tanto, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración, fai pública na páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/> a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e a convocatoria das 18 persoas aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos a unha entrevista persoal.

Como anexos a esta resolución publícanse os seguintes anexos:

ANEXO I: Listaxe das puntuacións definitivas das persoas aspirantes na fase de avaliación dos méritos (por orde de puntuación).

ANEXO II: Data, hora e lugar de celebración da entrevista persoal ás 18 persoas aspirantes coa maior puntuación na valoración dos méritos.

ANEXO III: Criterios específicos a avaliar na entrevista.

As entrevistas realizaranse o **xoves 2** e o **venres 3 de setembro de 2021**.

As persoas candidatas poden solicitar que a entrevistas se realicen por videoconferencia, mediante unha petición que se enviará ao correo electrónico [cooperacion.exterior@xunta.gal](mailto:cooperacion.exterior@xunta.gal).

Aquelas persoas candidatas que non se presenten á entrevista perderán o seu dereito á bolsa.

Documento asinado electronicamente

A presidenta da comisión de valoración  
Pilar Romero Rodríguez

